

ERMIDA E ROMARÍA DE SAN BIEITO DE UCEIRA E MIRADOR DO PICO COSTOIRA

Ermida de San Bieito de Uceira

A ermida leva o nome de San Bieito. Un dos santos máis avogosos da comarca en relación cos enfermos, coxos e, sobre todo os que teñen “barrugas e espullas”. De feito, na festa de romería, pódense ver pernas e brazos, pés e corpiños de cera, deixados por persoas agradecidas. Fai xa moito tempo tamén se vía xente subir descalza ou andar a novena de xeonllos.

A referencia máis antiga que se coñece e que fai referencia a capela da Uceira pon de manifesto que é un santuario adicado a San Bieito e que xa existía a mediados do século XVII adquirindo o seu aspecto actual polo século XVIII segundo se indica na inscrición situada nunha das paredes laterais da capela: “*Hicose de limosnas de los devotos de San Benito año de 1755*”. Moitos máis modernos son os añadidos posteriores coa construción características da arquitectura popular como son varios alpendres para protexer os devotos dauvia e do sol, infraestructuras para o servizo dos romeiros e para poder celebrar as festas litúrxicas e as comidas compartidas.

Unha das primeiras referencias escritas da capela aparece nun testamento de María Pérez de Gándara, veciña da casa do Espido, do ano 1652, onde se deixa recollido que se diga un número de misas pola súa alma na ermida de San Bieito. Tres anos despois, no Libro 35; fol. 98 do Archivo diocesano de Ourense faise unha somera descrición da capela: “ (...) *la otra vocación de san venito esta en un hiermo no tiene puertas ni rejas y asi necesita que su ilustrisima mande que se pongan por quanto los pastores del ganado se ban a dicha hermita y quitan la pintura al glorioso santo (...)*”.

Nas diversas visitas pastorais ao longo do século XVII, faise referencia ao bo estado de conservación da ermida para poder misar nel pero coa entrada do século XVIII xa se fan referencias o estado indecente da mesma. Na visita de 1718 indícase: “ (...) *manda su Ilustrisima que jpor quanto las hermitas de San Benito y San Miguel están con notable indecencia se notifique y haga saber para el abbad (...) la compongan en la forma posible dentro de seis meses (...)*”. As reformas parciais quedan reflectidas na visita do ano 1728 xa que unha reforma máis integral debeuse levar a cabo a mediados do XVIII dacordo coa inscrición xa citada nun lateral da capela.

No século XIX, o bispo, na visita de 1805, manda: “ (...) *retexr la capilla de San Benito a cuida imagen no permita poner cintas, escapularios y otras alajas mas propias de una tienda que de la iglesia (...)*”. Finalmente, na visita de 1832, recóllese nas fontes escritas que “ (...) *Hay en los términos de esta feligresía la ermita de San Benito Abad, la que sostiene con el producto de un nabal, y de las limonsnas para cuio petitorio se nombre un colector que llaman ermitaño, y tiene un libro de cuentas (...)*”.

A capela é de sobria construción, propia do barroco popular. Presenta pranta rectangular con perpiaños de boa labra, dunha soa nave e cuberta a dúas augas con tella curva. Cara a parte do altar leva adosada a sancristía.. Na fachada ábrese tres vans, o central fai a función de porta de acceso a capela. A ambos lados, unha fiestra. A espadaña é dun só arco rematada cunha cruz e uns pináculos a cada lado da mesma. Tamén adornan a fachada dous pinámicos en forma piramidal.

O maior ou menor empaque dos edificios estába vinculado o feito de ter servido anteriormente como igrexas ou estar en posesión dalgunha popular reliquia. E o caso deste santuario de San Bieito de Uceira en Cerredelo, ata o punto que nunha visita a comezos do século XIX o bispo pedía que non se permitise “ (...) *poner cintas, escapularios y otras alajas más propias de una tienda que de una iglesia (...)*”.

Cruceiro da Ermida de San Bieito da Uceira

O cruceiro presenta unha plataforma de tres gradas de forma cadrada, a inferior está practicamente soterrada. Sobre un pedestal de base cuadrangular coas aristas superiores rebaixadas descansa outro pedestal cúbico, este último de base máis reducida pero de maior altura.

O varal é na base cadrado logo pasa a ser poligonal e nun pequeno tramo xa ó pé do capitel torna de novo á forma cadrada. Un capitel de volutas e outros elementos decorativos varios deixa paso á cruz. A cruz é latina con paus lisos de sección rectangular, no anverso presenta un crucificado de tres cravos de boa labra.

A cabeza ladea moi lixeiramente cara o seu lado dereito e represéntase con longa cabeleira, barba abondosa e coroa de espiñas. O santeiro dispuxo as mans de Cristo pechadas e tallou o pano deixando o nó na parte dereita da figura. Enriba da cabeza do Cristo crucificado a cartela do INRI. No reverso, sobre peaña, a imaxe da virxe da Soidade cos dedos entrecollidos sobre o peito e vai vestida cunhas roupas longas ata os pés.

Romaría de San Bieito de Uceira

Celébrase o San Bieito de Marzo o luns de Pascua e o San Bieito de Seitura, o segundo domingo de Xullo, en referencia a época da sega. A ermida leva o nome de San Bieito. Un dos santos máis avogosos da comarca en relación cos enfermos, coxos e, sobre todo os que teñen “barrugas e espullas”. De feito, na festa de romería, pódense ver pernas e brazos, pés e corpiños de cera, deixados por persoas agradecidas. Fai xa moito tempo tamén se vía xente subir descalza ou andar a novena de xeonllos.

Hai unha procesión entre os árbores ao redor da ermida seguida dunha misa multitudinaria ao aire libre. Despois da misa, xúntanse na mesa ou no chan familias para a comida ou a merenda seguido de sesta e tertulias.

Colleita etnográfica sobre o San Bieito da Uceira

O San Bieito da Uceira: santo máis milagreiro e abogado de coxos e outros padecementos

“ (...) O San Benito (abogado de coxos e outros padecementos (físecos), ten unha capilla no monte, que leva o nome do Santo. Ten ofrecementos de pernas, corpos, caras..., según os membros doentes do que ofrece, de cera, que os ten colgados na capilla. O día da festa, e durant' o ano, hay ofrecementos d'andarillas novenas de pé ou de rodillas; outros arruben o monte descalzos, porque lles fag'algún favor ou se xa llo ten feito... (...)”

Resume Xeneral de Folklore de Sandiás. Urbano Santana. Publicado en Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega, nº 93 (Setembro, 1931), páx 165-168

San Benito de Marzo e San Benito de Seitura

Tamén é festa de merendas, ou mellor dito, xantares... Fanlle duas festas o ano, chamadas «San Benito de Marzo» e «San Benito de Seitura», acaso porque cadra nistes meses. É o Santo mais milagreiro que temos na parróquia.

Resume Xeneral de Folklore de Sandiás. Urbano Santana. Publicado en Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega, nº 93 (Setembro, 1931), páx 165-168

O San Benito que fuxía de noite para o monte

N'algún tempo trouxérono pra igrexa en procesión, pero escapábase de noite pro monte; por eso tiveron que faguerll'a capilla...

Resume Xeneral de Folklore de Sandiás. Urbano Santana. Publicado en Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega, nº 93 (Setembro, 1931), páx 165-168

A pedra para a capela e os bois subindo pola escaleira

“ (...) «D'unha vez, querendo levar unha pedra pra capilla, grande, e como está rodeada de paredón, andaban buscando por ond'entrar co carro, e, cando se descoidaron, os bois subiron por'as escaleiras de subir a xente, o que sólo s'explica como milagre, pois do contrario, non houbera sido posible que os bois subisen nin co carro valeiro tales escaleiras.» Sexa esto certo ou non, o caso é que na capilla hay unhas muletas y'un cayado que proban que algún subiu axudado de tales instrumentos, e o Santo fixo que non os necesitase pra baixar, y'entonces quedaronlle de regalo e como testimonio do milagre(...)”

Resume Xeneral de Folklore de Sandiás. Urbano Santana. Publicado en Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega, nº 93 (Setembro, 1931), páx 165-168

Mirador do Adro do San Bieito de Uceira

O mirador recorre o adro da ermida de San Bieito. Dende él, obsérvase unha ampla panorámica da Limia Alt dende un espazo cheo de robles, fresnos, abedules e sauces.

Mirador do Pico Costoira (fotos)

FONTES:

- <http://patrimoniogalego.net/index.php/3691/2011/08/ermida-do-san-bieito-da-uceira/>
- “Resume xeneral de folk-lore de Sandiás”. Urbano Santana. Revista Nós, Xuño-Setembro, 1931.
- Catalogación do patrimonio da Alta Limia (Fundación Barrié – Xunta de Galicia). http://www.altalimia.org/ficha_inmoble.php?id=050006
- Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do concello de Sandiás
- -Ficha do Inventario do Patrimonio Arquitectónico de Interés Histórico Artístico do Ministerio de Cultura.
- -A.H.D.OU. Libros varios.
- Eligio Rivas Quintas, A Limia. Val da Antela e Val do Medo, Edicións do Cerne, Reproducción facsimilar, 2013, p. 696.
- Yolanda Barriocanal López, “Arquitectura relixiosa da Limia” en Xulio Rodríguez Glez (Ed.); Patrimonio Cultural da Alta Limia. Discurso histórico e ordenación do territorio, Fundación Barrié, 2013, p. 323.